

## Carta aos pais

Estimados pais,

Benvidos a *My Home Booklet*! Logo de completar cada unidade de **Kid's Box 2** no colexio, o voso fillo levarase *My Home Booklet* a casa para ensinarvos o que estivo aprendendo.

Non fai falla que teñades un nivel alto de inglés para o axudar. O importante é que vos interesedes polo que fixo e apoiédeslle cando sexa necesario. Facer isto beneficiará a súa aprendizaxe.

Cada unha das 12 unidades de *My Home Booklet* contén as seguintes actividades:

Coa **Actividade 1** practícase o vocabulario principal da unidade e coa **Actividade 2**, a gramática. É importante asegurarse de que o neno entenda o que ten que facer e animalo a que traballe de forma autónoma. A medida que vaia rematando as actividades, pedídlle que vos lea as respostas e sinale os debuxos cando sexa necesario. Se vos decatades dalgún erro, non llo sinalades inmediatamente. A miúdo, ao ler as respostas en voz alta darase conta do mesmo. Tamén poderdes facerlle algunhas preguntas relacionadas en inglés ou animalo a que fale de si mesmo, cando sexa oportuno..

Na **Actividade 3** vólvese a traballar co cómic ou coa canción da unidade. Pódeselle pedir que ordene as imaxes do cómic e que despois o conte coas súas propias palabras, ou ben que complete a canción co vocabulario que falta e que a cante despois. Poderdes escoitar todas as cancións e ver todos os cómics aquí: [www.kidsboxapps.es](http://www.kidsboxapps.es) é ou no CD-Rom do Activity Book do curso.

A **Actividade 4** é unha actividade de Autoavaliación. Observade as imaxes co voso fillo ou filla e lede as frases da sección "I can ..." da parte inferior da páxina. Pedídlle que vos diga se as afirmacións son verdadeiras no seu caso e que coloree as carañas riseiras cando o sexan. Asegurádevos de facerlle comentarios positivos neste momento, pois é importante para que os nenos valoren o seu progreso.



**Nota:** Os números que aparecen entre parénteses en *My progress* na parte inferior da páxina indican as Competencias Básicas traballadas, como as establece o Consello de Europa e o currículo de Educación Primaria.

- 1 Comunicación lingüística
- 2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- 3 Competencia dixital
- 4 Aprender a aprender
- 5 Competencias sociais e cívicas
- 6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- 7 Conciencia e expresións culturais

A **Actividade 5** dálle ao teu fillo ou filla a oportunidade de personalizar parte da lingua que aprendeu. O que ten que facer é debuxar algo relacionado coa súa vida e, a partir do segundo trimestre, tamén escribir acerca diso.

Para rematar, ao final de *My Home Booklet* dispón dun Picture dictionary, un dicionario en imaxes para repasar todo o vocabulario do curso.

Esperamos que vos divirtades traballando xuntos con *My Home Booklet 2!*

O profesor / A profesora de inglés do voso fillo.

